

## Ordenanza xeral de limpeza e medio natural e demais bens de dominio público

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión do 06.09.2006, aprobou inicialmente a Ordenanza xeral de limpeza e medio natural e demais bens de dominio público.

Así mesmo, acordou expoñer o expediente a información pública e darlle audiencia ás persoas interesadas por un prazo de 30 días.

No BOP núm. 236, do 14.10.2006, saíu publicado o anuncio da aprobación inicial.

As persoas interesadas non presentaron reclamacións no prazo de 30 días.

O Pleno do Concello, na sesión do 19.12.2006, acordou aprobar definitivamente a Ordenanza xeral de limpeza e medio natural e demais bens de dominio público.

Polo tanto, está aprobada definitivamente a Ordenanza xeral de limpeza e medio natural e demais bens de dominio público.

Procede agora publicar o texto íntegro da ordenanza, no cumprimento do que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ponteceso, 15 de outubro de 2008

O alcalde

José Luis Fondo Aguiar

Anexo

### ORDENANZA XERAL DE LIMPEZA E MEDIO NATURAL E DEMAIS BENS DE DOMINIO PÚBLICO

#### **Exposición de motivos**

O Concello de Ponteceso, co fin de cumprir coas disposicións contidas na Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, así como no Decreto 28/1999, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, e por razóns de interese público, considera necesario ordenar o ámbito da hixiene e da saúde pública e do ornato estético-urbanístico deste concello.

Na súa obriga de velar pola salubridade e pola seguridade pública, o concello ten a obriga de evitar a proliferación de vertidos incontrolados de lixos, así como de evitar que a maleza que poidan conter os predios de titularidade privada xere perigo á vía pública ou aos habitantes do concello.

#### **Título I Disposicións xerais**

##### **Artigo 1**

Esta ordenanza ten por obxecto regular, no ámbito das competencias do Concello de Ponteceso e dentro do seu termo municipal, as seguintes situacións e actividades.

1 A limpeza da vía pública, no que se refire ao uso común xeral dos cidadáns e a limpeza dos terreos de propiedade municipal. Así mesmo, a inspección e a realización subsidiaria da limpeza de terreos de propiedade pública ou privada

2 A prevención do estado de sucidade do concello, producido como consecuencia de manifestacións públicas na rúa, e a limpeza dos bens de dominio público

3 A recollida de lixo e residuos sólidos producidos a consecuencia do consumo doméstico, así como a recollida de todos os materiais residuais que pola súa natureza se poidan assimilar aos anteriores

4 A recollida de residuos industriais e especiais, o seu transporte dentro do termo municipal, e o control sobre a súa vertedura e eliminación.

5 A acumulación, a carga, o transporte e a vertedura de terras, entullo e outras materias similares ou asimilables, producidos como consecuencia de obras, de construcións e de derrubes.

6 O transporte de materiais residuais e dos produtos destinados polos seus produtores ou posuidores ao abandono que son competencia municipal, de conformidade coa lexislación vixente, aínda que non estean incluídos especificamente nos apartados precedentes

7 En canto sexa da súa competencia: a xestión, o control e a inspección dos sistemas e dos equipamentos destinados ao tratamento, ao aproveitamento, ao depósito e á eliminación da totalidade dos materiais obxecto dos apartados 3, 4, 5 e 6 anteriores

## **Artigo 2**

En ningún caso quedan incluídos nos apartados anteriores os residuos afectados pola Lei de residuos tóxicos e perigosos nin os residuos radioactivos que se rexerán pola súa lexislación específica.

## **Artigo 3 Dereito supletorio**

En todo o que non estea contemplado expresamente nesta ordenanza, será de aplicación a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o Decreto 28/1999, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Real decreto 1398/1993, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e as providencias do alcalde da Corporación interpretativas do contido desta ordenanza, sen prexuízo da demais normativa que resulte de aplicación.

## **Artigo 4 Estrutura**

Esta ordenanza articúlase nos seguintes títulos, de conformidade co que dispón o artigo 1:

Título I. Disposicións xerais

Título II. Da limpeza da vía pública

Título III. Da limpeza do concello no que corresponde ao uso común especial e privativo

Título IV. Das manifestacións públicas na rúa

Título V. Do recollida de residuos urbanos

Título VI. Da recollida e do transporte dos residuos industriais e especiais

Título VII. Da recollida, do transporte e da vertedura de terras e entullo

Título VIII. Das infraccións e das sancións

Título IX. Procedemento sancionador

Pola súa vez, os títulos estrutúranse en capítulos e estes nos artigos correspondentes.

### **Artigo 5 Obrigados**

1 Todos/as os/as habitantes do concello de Ponteceso estarán obrigados/as, no que compete á limpeza do concello, a observar unha conduta encamiñada a evitar e a previr a sucidade. Os/as propietarios/as dos inmobles e/ou dos terreos, tanto rústicos como urbanos, e subsidiariamente, as persoas que figuren como titulares deles nos rexistros municipais, segundo os datos que constan no catastro, terán a obriga de mantelos nas debidas condicións de seguridade, de salubridade, de habitabilidade, de limpeza e de ornato público. Cando se trate de obrigas colectivas, será o obrigado a comunidade de propietarios/as e, subsidiariamente, cada un/unha dos/das propietarios/as do inmovible. Tamén están obrigadas as comunidades de propietarios/as ou as persoas que habiten o inmovible ou os inmobles lindeiros, se é o caso, a manter limpos os patios de luces, os patios de quinteiros ou calquera outra zona común, de conformidade coas súas normas estatutarias ou cos acordos que tomen para o efecto as respectivas xuntas ou asembleas de veciños/as.

2 Así mesmo, están obrigados a denunciar ante a autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presenciaren ou as que coñezan certamente.

3 O concello está obrigado a atender as reclamacións, as denuncias e as suxestións dos/das cidadáns/cidadás, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

4 Para os efectos desta ordenanza, son veciños ou habitantes deste concello todas aquelas persoas, empresas ou colectivos que nalgún momento realicen as súas actividades ou se atopen no termo municipal de Ponteceso.

### **Artigo 6**

1 Todos/as os/as cidadáns/cidadás están obrigados/as a cumprir puntualmente esta ordenanza e as disposicións complementarias que en materia da limpeza en xeral, do mantemento do ornato público ou da estética do concello dite en calquera momento o alcalde no exercicio das súas facultades.

2 A autoridade municipal poderá esixir en todo momento o cumprimento inmediato desta ordenanza, obrigando á persoa causante dunha deterioración a que repare a afección causada, sen prexuízo da sanción que corresponda.

3 O alcalde ou a Xunta de Goberno Local, por proposta dos servizos municipais que teñan atribuídas as facultades inspectoras, sancionará aos que contraviñeran o que dispón esta ordenanza de acordo co que establece o seu título IX.

### **Artigo 7 Deberes dos propietarios**

1 Os/as propietarios/as de edificacións, de terreos rústicos ou urbanos, de vivendas e de establecementos de toda clase terán a obriga de manter limpas as fachadas, os rótulos que nomean as rúas, os rótulos de numeración, as medianeiras descubertas, os portais e toda clase de entradas, as escaleiras de acceso e todas as partes dun inmovible que sexan visibles dende a vía pública.

2 Os/as propietarios/as están obrigados a realizar labores de mantemento e limpeza. A autoridade municipal poderá ordenar eses labores cando o estime oportuno por motivos de ornato ou de seguridade pública. En todo caso, antes de realizar eses labores, será preciso o informe dos servizos técnicos municipais competentes.

3 Igualmente, os/as propietarios/as deberán manter nas debidas condicións de limpeza e de salubridade os depósitos, as conducións de toda clase de fluídos ou de gases, as antenas de todo tipo, os patios e calquera outra instalación complementaria dos inmovibles.

4 Nos supostos recollidos nos apartados procedentes, o concello requiriraos para que procedan a realizar as obras ou as operacións necesarias para o restablecemento das condicións esixibles, despois do trámite de audiencia ás persoas interesadas.

5. O incumprimento do ordenado determinará que o concello incoe o expediente sancionador pola falta de limpeza e de decoro nos elementos ou nas partes exteriores do inmovible, con imposición de multa pecuniaria, de conformidade co que prevé esta ordenanza e a lexislación urbanística vixente.

## **Título II Limpeza da vía pública e de outros espazos libres**

### **Capítulo I Persoas obrigadas a limpar**

#### **Artigo 8 Rede viaria**

Para os efectos da súa limpeza está considerado que son vía pública as avenidas, os paseos, as rúas, as prazas, as beirarrúas, as travesías, os camiños, os xardíns,

as zonas verdes, as zonas terrosas e os demais bens de uso público municipal destinados directamente ao uso común xeral dos cidadáns.

Para os efectos de limpeza, os ríos terán tamén a consideración de vía pública.

### **Artigo 9**

A limpeza da rede viaria pública (rúas, prazas, glorietas, pasos a desnivel tanto de tránsito rodado como peonil) e a recollida dos residuos procedentes dela realizaraa o servizo municipal competente coa frecuencia conveniente para que a prestación do servizo sexa axeitada, a través das formas de xestión que o concello acorde, de conformidade coa lexislación do réxime local.

### **Artigo 10 Beirarrúas**

A limpeza das beirarrúas estará a cargo dos empregados do concello, quen realizará o servizo directamente ou a través das formas de xestión que permite a lexislación do réxime local.

## **Capítulo 2 Actuacións non permitidas**

### **Artigo 11 Uso das papeleiras**

O concello prohíbe guindar á vía pública toda clase de residuos como cabichas, cascas, papeis, envoltorios ou similares, ou calquera outra clase de produtos de estado sólido, líquido ou gasoso. As persoas que transiten polas rúas, polas prazas, polos xardíns e por outros espazos libres públicos utilizarán as papeleiras instaladas para tal fin ou os contedores do servizo público de limpeza, se se quixesen desprender de residuos de pequena entidade como os anteriormente mencionados.

O concello prohíbe tirar cigarros puros, cabichas de cigarros ou outras materias análogas nas papeleiras. En todo caso, as persoas usuarias deberán depositar esas materias nas papeleiras unha vez que estean apagadas ou ben nos cinceiros instalados para tal efecto.

As persoas usuarias deberán absterse de toda manipulación sobre as papeleiras, movelas envorcalas ou arrincalas, así como calquera outro acto que deteriore a súa presentación ou que as faga inutilizables para o uso ao que están destinadas.

### **Artigo 12**

O concello prohíbe realizar calquera operación que poida luxar as vías e os espazos libres públicos e, de forma especial:

- a) Reparar, lavar ou limpar os vehículos, así como cambiarlles o aceite e outros líquidos
- b) Manipular ou seleccionar os refugallos ou os residuos sólidos urbanos, producindo a súa dispersión e dificultando a súa recollida ou alterando os seus envases

- c) Sacudir pezas de roupa ou alfombras en ou sobre a vía pública desde as fiestras, os balcóns ou as terrazas, así como regar macetas, agás a partir das 00:00 ata as 07:00 horas no verán e a partir das 00:00 ata as 08:00 horas no inverno
- d) Realizar calquera operación como limpara as terrazas ou peitorís, estender a roupa, etc., que supoñan o risco de guindar auga ou obxectos á vía pública
- e) Cuspir, mexar e defecar na vía pública
- f) Como medida de hixiene e de seguridade, tirar e abandonar en calquera zona de uso público, así como en terreos edificables e terreos públicos ou privados, xiringas e elementos de uso íntimo. En calquera caso, as persoas usuarias terán que depositar eses elementos coa protección suficiente para que non produzan accidente ningún, tanto ao público en xeral como ao persoal do servizo de limpeza
- g) A vertedura de augas sucias ou limpas que procedan de calquera tipo de limpeza nas beirarrúas, nas calzadas, nas escavas, nos terreos e na rede de evacuación
- h) Abandonar na vía pública os produtos que resultan de varrer e de limpar os espazos públicos ou as pasaxes privadas, os portais, os locais comerciais, os patios interiores, os terreos ou similares, que as persoas deberán depositar en bolsas axeitadamente pechadas e poñelas nos colectores que o concello instale para o efecto, entre as 17:00 horas e as 23:00 horas
- i) Abandonar animais mortos
- l) Limpar os animais
- m) Depositar os residuos na vía pública fóra dos colectores instalados para o efecto  
O concello prohíbe terminantemente depositar na vía pública vasos, botellas ou calquera outro elemento similar, xa sexan de plástico ou de cristal.

### **Título III Da limpeza do concello no que respecta ao uso común especial e privativo**

#### **Capítulo I Actuacións diversas**

##### **Artigo 13 Actos públicos**

1 As persoas organizadoras dun acto público na rúa ou en calquera outro ben de dominio público serán responsables da sucidade derivada de celebrar ese acto.

2 Para os efectos da limpeza do concello, as persoas organizadoras terán a obriga de informar e de solicitarlle ao concello, se é o caso, o lugar, o percorrido e os horarios do acto público. O concello poderalles esixir que constitúan unha fianza en metálico ou un aval bancario polo importe dos servizos subsidiarios de limpeza ou de deterioro que previsiblemente lles puidesen corresponder.

##### **Artigo 14 Propaganda**

1 O concello non permite realizar actos de propaganda ou de calquera outra clase que supoña repartir ou lanzar carteis, folletos ou follas soltas, cando tales actos lixen os espazos públicos. A colocación e o pegado de carteis e pancartas, a

distribución de panfletos e calquera outra actividade publicitaria está suxeita a autorización municipal do alcalde ou da Xunta de Goberno Local.

2 Para os efectos da sanción, terá a consideración de acto independente cada actuación separada no tempo ou no espazo, contraria ao establecido no número anterior, sendo responsables da infracción aquelas persoas físicas ou xurídicas que promovan ou que xestionen a publicidade e, no seu defecto e agás proba en contrario, aquelas no favor das cales se faga a campaña.

3 A concesión da autorización para colocar ou para distribuír rótulos e os demais elementos publicitarios, suporá que as persoas responsables teñen a obriga de limpar os espazos da vía pública que mancharan e de retirar todos os elementos publicitarios que utilizaran e os seus accesorios correspondentes, dentro do prazo autorizado.

4 Para autorizar a colocación ou a distribución na vía pública dos elementos publicitarios, o concello poderá esixir que as persoas responsables constitúan unha fianza ou un aval bancario pola contía correspondente aos custos que puidese causar a sucidade.

#### **Artigo 15 Da colocación de carteis e de pancartas na vía pública**

1 O concello prohibe colocar e pegar carteis e adhesivos, con excepción dos casos que expresamente autorice a autoridade municipal.

2 O concello prohibe colocar carteis e pancartas en bens afectos a un servizo público municipal, tales como marquesiñas e colectores.

3 As persoas promotoras ou as beneficiarias desta publicidade responderán desta prohibición. O concello imporá a sanción correspondente ás persoas que non cumpran esta prohibición, así como obrigará ao publicitario a retirar os carteis e as pancartas e á limpar a parte manchada.

#### **Artigo 16 Excepcións**

O concello só autorizará a colocación de pancartas na vía pública nos seguintes supostos:

- a) A propaganda electoral durante os períodos de eleccións políticas e sindicais e aqueloutros de especial significación política e xeral participación cidadá nos que sexa pertinente realizar actos publicitarios, nos lugares legalmente habilitados e de acordo coas disposicións municipais que o concello adopte para tales efectos
- b) En períodos de festas populares e tradicións dos distintos núcleos
- c) En situacións que o alcalde ou a Xunta de Goberno Local expresamente o autoricen

As pancartas deberán ser retiradas tan pronto como acabe o prazo da autorización. De non facelo así, retiraranas os servizos municipais e o concello imputaralles aos

responsables o custo correspondente ao servizo prestado, sen prexuízo de que a autoridade municipal lle imponha algunha sanción aos responsables.

### **Artigo 17 Das pintadas**

1 O concello prohíbe toda clase de pintadas na vía pública, tanto sobre os seus elementos estruturais, sobre as calzadas, as beirarrúas e o mobiliario urbano, como sobre os muros e as paredes exteriores do concello ou de calquera outro edificio ou ben de carácter municipal.

2 Son excepcións ao que dispón o apartado anterior as pintadas murais de carácter artístico sobre os valados dos terreos edificables, para as que será precisa a autorización do/a propietario/a.

### **Artigo 18 Da distribución de panfletos**

1 O concello prohíbe espallar e tirar toda clase de panfletos e materias similares, excepto cando o autorice o alcalde ou a Xunta de Goberno Local no período electoral ou noutras situacións.

2 O concello sancionará a aquelas persoas que espallen ou distribúan panfletos sen autorización, de conformidade co que dispoñen os títulos VIII e IX desta ordenanza.

3 Os servizos municipais limparán a parte ou o espazo que estea afectado pola distribución ou a dispersión de panfletos, imponéndolles aos responsables o custo correspondente dos servizos prestados, sen prexuízo das sancións que correspondan.

### **Artigo 19 Bancos e xogos infantís**

O concello non permite o uso desaxeitado dos bancos ou todo acto que prexudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos ou trasladar a unha distancia superior a dous metros os que non estean fixados ao chan, agrupalos de forma desordenada e realizar inscricións ou pintadas. As persoas encargadas do coidado dos nenos deberán evitar que estes depositen sobre os bancos area, auga, barro ou calquera outro elemento que poida lixar aos seus usuarios.

Os xogos infantís utilizaranos os nenos coas idades comprendidas na que indican expresamente os carteis anunciadores que para o efecto establece o concello. O concello prohíbe que os utilicen os adultos ou os menores que non teñan unha idade comprendido na recomendada de cada xogo ou sector.

### **Artigo 20 Fontes e ríos dos lavadoiros públicos**

O concello prohíbe realizar calquera manipulación nos canos ou nos elementos das fontes que non sexan as propias da súa utilización normal. O concello prohíbe expresamente lavar e reparar os vehículos. Trala utilización do río de lavar, as persoas usuarias teñen que retirar todos aqueles desperdicios producidos pola



actividade e teñen que depositalos nos colectores do servizo municipal de recollida de lixo.

### **Artigo 21 Nevadas**

No caso de nevada, as persoas propietarias están obrigadas a colaborar cos servizos municipais na limpeza da neve e do xeo das beirarrúas na lonxitude correspondente á súa fachada e nun ancho mínimo de dous metros se a beirarrúa é de maior ancho. As persoas propietarias depositarán a neve e o xeo recollidos ao longo do bordo da beirarrúa.

## **Capítulo 2 Repercusións na limpeza respecto á tenencia de animais na vía pública**

### **Artigo 22**

1 Os/as propietarios/as dos animais son os responsables dos danos ou das afeccións ás persoas e ás cousas e de calquera acción que ocasione sucidade na vía pública.

2 Na ausencia do/a propietario/a será responsable subsidiario/a a persoa que conducise o animal no momento da acción.

3 Se un animal causa sucidade na vía pública, a policía local ou, se é o caso, os servizos municipais competentes están facultados en todo momento para esixirlle ao/á propietario/a ou ao/á condutor/a do animal que repare inmediatamente a afección causada.

### **Artigo 23**

1 Como medida hixiénica ineludible, as persoas que conduzan ou paseen cans ou outra clase de animais pola vía pública están obrigados a impedir que defequen ou que ouriñen sobre as beirarrúas, as calzadas, os parterres, as zonas verdes, as zonas terrosas e os demais elementos da vía pública destinados ao paso ou ao xogo dos/das cidadáns/cidadás.

2 En todos os casos, o/a condutor/a de animais na vía pública deberá necesariamente levar consigo os elementos (bolsas, recolledor, etc.) necesarios para recoller e apartar as defecacións da vía pública. Deberán depositar as bolsas, axeitadamente pechadas, nas papeleiras ou, se o horario é o adecuado, nos colectores que o concello sitúe na vía pública.

### **Artigo 24**

O concello poderá establecer na vía pública os equipamentos especiais para depositar as defecacións dos animais de compañía. Sinalará os lugares habilitados, instalará os elementos de contención axeitados e colocará os sinais preventivos e informativos necesarios para o mellor uso deles.

### **Artigo 25**

Precisará autorización municipal a celebración de festas tradicionais e doutros actos públicos que requiran a participación de animais, así como os concursos, as exposicións, etc. de animais que se realicen na vía pública, coa conseguinte subscripción do prezo público por utilizar espazos de dominio público ou co depósito de fianzas para responder dos danos ou da sucidade que a celebración puidera ocasionar.

#### **Artigo 26**

O concello prohíbe terminantemente acudir con animais de compañía a calquera das praias do termo municipal, no horario comprendido entre as 10:00 horas e as 21:00 horas, durante os meses de verán.

### **Título IV. Limpeza de edificacións e terreos**

#### **Capítulo I. Fachadas e beirís**

##### **Artigo 27 Fachadas**

Os propietarios dos predios, das vivendas e dos establecementos están obrigados a manter permanentemente limpas as fachadas e as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública.

##### **Artigo 28 Beirís**

Cando a propiedade limpe os escaparates, as portas, as marquesiñas, os toldos ou as cortinas dos establecementos comerciais adoptará as debidas precaucións para non causar molestias aos/ás transeúntes nin lixar a vía pública. Os donos do establecemento están obrigados a limpar e a retirar os residuos resultantes, se non lles fora posible evitar lixar a vía pública. Estas operacións deberanas realizar os propietarios a partir da hora de apertura dos comercios ata as 11:00 horas.

Os propietarios adoptarán as mesmas precaucións para limpar os balcóns e as terrazas.

#### **Capítulo II Mobiliario urbano e outras actividades**

##### **Artigo 29 Mobiliario urbano**

O concello deberá manter no máis adecuado e estético estado de limpeza e conservación o mobiliario urbano que hai nos parques, nos xardíns, nas zonas verdes e nas vías públicas, entre o que están comprendidos os bancos, os xogos infantís, as papeleiras, as fontes, a sinalización e os elementos decorativos, tales como os farois e as estatuas.

##### **Artigo 30**

As actividades tales como circos, teatros ambulantes, cabaliños ou outras que polas súas características especiais utilicen a vía pública están obrigadas a depositar unha fianza en metálico que garanta as responsabilidades no que respecta a posibles vertidos de residuos ou sucidade na vía pública. No caso de que o concello deba realizar actividades de recollida e limpeza, esa fianza pagará os custos e o importe

da diferenza deberana pagar os titulares da actividade, no caso de que os custos sexan superiores ao importe da fianza esixida.

### **Capítulo III Da limpeza e mantemento dos terreos edificables**

#### **Artigo 31 Limpeza de terreos edificables**

Corresponderalles aos/ás propietarios limpar os terreos da súa propiedade: Deberanos manter limpos, libres de restos e de residuos e nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e ornato público. Está incluída a desratización e a desinfección dos terreos cando fose necesario a criterio dos servizos técnicos.

No seu defecto, serán responsables do cumprimento das obrigas que establece esta ordenanza os/as que figuren como titulares catastrais.

Os/as propietarios/as deberán manter os seus terreos libres de animais perigosos ou de potenciais focos infecciosos e deberán realizar os labores preventivos que sexan precisos para tales efectos.

Os/as propietarios/as deberán evitar o crecemento incontrolado de maleza e doutros elementos vexetais que afecta tanto ás parcelas lindeiras como ao dominio público. Tamén deberán controlar as plantacións, aínda que se trate de crecementos accidentais de árbores que poidan invadir os predios veciños ou causarlles calquera tipo de perturbación.

A maleza ou os demais elementos non poderán, en ningún caso, invadir as vías públicas, xa sexa na superficie ou no seu voo, agás que o concello o autorice expresamente. O concello concederá a autorización tan só por motivos de interese natural ou estético de conservación do patrimonio natural.

Os/as propietarios/as de terreos edificables ou de parcelas que limiten coa vía pública están obrigados, en todo caso, a construír un cerramento exterior, agás que a autoridade municipal os/as dispense de xeito expreso e motivado, baseándose en motivos de interese público ou de preservación do medio, ou excepto as parcelas que estean previstas expresamente no planeamento urbanístico. O concello deberá autorizar o cerramento, logo de que os servizos técnicos municipais competentes informen. O cerramento deberá respectar, en todo caso, a contorna e a estética da zona na que se atope e deberá cumprir os fins de preservación da seguridade dos/as cidadáns/cidadás e de conservación e respecto ao medio natural. A altura dos valados será de 1,50 metros e estará construído con materiais que garantan a súa estabilidade e a súa conservación, respectando a normativa da planificación urbanística vixente.

É potestade do concello inspeccionar e realizar subsidiariamente os traballos de limpeza aos que se refiren os parágrafos anteriores, sexan terreos de propiedade pública ou privada. No suposto de que os servizos municipais executen subsidiariamente os traballos, a execución será con cargo ao/á obrigado/a e de

conformidade co que dispoñen as ordenanzas fiscais, sen prexuízo das sancións que correspondan. Nos terreos que estean afectados polo planeamento urbanístico, o concello poderá facerse cargo das obrigas descritas, total ou parcialmente, cando os/as seus/súas propietarios/as os tiveran cedidos para fins públicos e mentres no se realice a expropiación.

Se por motivos de interese público fose necesario asumir subsidiariamente as obrigas do/a propietario/a, o concello poderá acceder aos terreos de propiedade privada derrubando os valados cando sexa preciso, sen prexuízo de solicitar a correspondente autorización xudicial. O concello imputaralles aos/ás propietarios/as os custos da derruba e da reconstrución do valo ou da instalación análoga afectada. No suposto de que os servizos municipais executen subsidiariamente estes traballos, a execución subsidiaria realizarase con cargo ao/á obrigado/a, de conformidade co que dispoñen as ordenanzas fiscais e sen prexuízo das sancións que proceda establecer.

### **Artigo 32 Elementos procedentes da limpeza de predios**

1 A herba, a maleza e os outros elementos procedentes da limpeza dos predios deberán ser depositados nos colectores axeitados para permitir que o servizo municipal de limpeza os retire. O concello prohíbe expresamente depositalos na vía pública ou nos terreos de propiedade municipal. O concello tamén prohíbe as queimas incontroladas que supoñan calquera clase de perigo para os habitantes do concello.

## **Título V Retirada de residuos sólidos urbanos**

### **Capítulo I Normas xerais**

#### **Artigo 33**

Este título comprende as normas que deben cumprir os produtores de refugallos e de residuos sólidos urbanos, con referencia á presentación e á entrega dos residuos para a súa recollida e transporte.

#### **Artigo 34 Establecemento**

A recollida de residuos sólidos estableceráa o servizo municipal competente coa frecuencia e o horario que considere oportunos. O servizo municipal daralle a publicidade necesaria á frecuencia e ao horario da recollida para que os coñezan os veciños.

#### **Artigo 35 Propiedade dos residuos**

Os residuos pasan a ser propiedade do concello a partir do momento no que se produce a súa entrega nas condicións sinaladas nesta ordenanza e nas demais disposicións legais de aplicación.

#### **Artigo 36**

Ningunha persoa, física ou xurídica, se poderá dedicar a recoller, transportar e aproveitar os residuos sólidos sen a autorización municipal, calquera que sexa a súa natureza.

### **Artigo 37 Excepcións**

1 Quedan fóra do ámbito desta ordenanza as almacenaxes de residuos de calquera tipo en estruturas subterráneas, naturais ou artificiais, así como a almacenaxe ou o aproveitamento dos residuos obtidos en operacións de investigación, explotación ou beneficio mineiro.

2 Quedan tamén excluídos os refugallos e os residuos das actividades agrícolas e gandeiras na súa fase de explotación, cando se produzan ou se depositen en solo cualificado como non urbanizable, segundo o que dispón o texto refundido da Lei do solo de Galicia.

### **Artigo 38 Residuos potencialmente tóxicos**

O concello, antes de recollelos, esixiralle ao produtor ou ao posuidor de residuos sólidos que pola súa natureza e a xuízo do servizo municipal competente puidesen presentar características que os fagan tóxicos que realice un tratamento para reparar ou para reducir no posible esas características ou que os deposite nunha forma ou nun lugar axeitados.

Así mesmo, os produtores ou os posuidores de residuos potencialmente tóxicos ou perigosos ou que polas súas características poidan producir trastornos no transporte ou tratamento quedan obrigados a proporcionar ao concello información completa sobre a súa orixe, a cantidade e as características e serán responsables, en todo momento, dos danos producidos no caso de que emitira ou falseara esa información.

## **Capítulo II Residuos domiciliarios**

### **Artigo 39**

Son residuos domiciliarios os que proceden da normal actividade doméstica, así como os producidos en establecementos comerciais que, pola súa natureza e volume, son asimilables aos anteriores.

### **Artigo 40 Recollida selectiva**

1 O Concello de Ponteceso poñerá a disposición dos produtores de residuos un sistema de recollida selectiva de residuos, para cumprir cos obxectivos de reutilización, de reciclado e doutras formas de valorización dos residuos, coa finalidade de protexer a saúde das persoas e o medio.

2 Na actualidade, existe un sistema que esixe que os usuarios depositen os residuos en recipientes diferenciados, de acordo co que dispón o capítulo seguinte. O concello poderá modificar ese sistema para aplicar as normas, os planos e os convenios que poida ditar ou subscribir a Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **Artigo 41 Recollida de efectos**

Neste concello hai, ademais, un sistema especial para recoller a recollida de efectos, trastes vellos, mobles, etc., materializado no punto limpo de Ponteceso, as normas de funcionamento do cal están recollidas no seu regulamento regulador.

#### **Artigo 42 Categorías**

1 Para os efectos desta ordenanza, o concello establece as seguintes categorías de residuos que, pola súa vez, definen as condicións de prestación dos servizos: obrigatorio (recollida de lixos domiciliarios ou asimilados), e os restantes, de carácter voluntario para o/a cidadán/cidadá.

A) O servizo de recollida de lixos domiciliarios afectará aos seguintes residuos urbanos:

a) Os refugallos de alimentación e do consumo doméstico que produzan os/as cidadáns/cidadás nas súas vivendas, incluíndo os envases, os vidros, os plásticos, o papel, as madeiras, os aparellos e os obxectos inútiles que proceden da normal actividade doméstica

b) As cinzas da calefacción doméstica individual

c) Os residuos que proceden de cando os cidadáns varren as beirarrúas

d) Os residuos asimilables aos domésticos:

I Os envoltorios, os envases, as embalaxes e outros residuos sólidos producidos nos locais comerciais

II Os materiais residuais producidos por actividades de servizos, comerciais e industriais, de características similares aos refugallos domiciliarios

III Os residuos producidos polo consumo de bares, restaurantes e demais establecementos que expidan produtos alimentarios cociñados ou nos que se realicen consumicións de calquera clase. Así mesmo, os producidos en supermercados, autoservizos e establecementos similares

IV Os residuos de consumo en xeral producidos en residencias, hoteis, colexios e outros establecementos públicos ou abertos ao público

V Os residuos orixinados pola actividade dos mercados municipais

B) Non están incluídos na recollida domiciliaria, en ningún caso, os seguintes residuos industriais:

a) Os refugallos, as cinzas, e as escouras producidas en fábricas, talleres, almacéns, así como os producidos en instalacións de tratamentos de residuos

b) Os pneumáticos

c) Os procedentes de explotacións agrícolas e gandeiras

d) En xeral, aqueloutros que polas condicións da súa presentación, do seu volume, do seu peso, da súa cantidade de libramento diario e do contido da humidade non

poidan ser obxecto da recollida domiciliaria, segundo os servizos técnicos do concello

e) Os residuos clínicos contaminados

f) Animais mortos

g) Terras, entullo, o céspede cortado e broza resultado de podar as árbores e de manter as plantas

#### **Artigo 43**

Terá a consideración de recollida domiciliaria a dos residuos definidos no apartado A) anterior e é obrigatorio recibilos.

#### **Artigo 44**

A prestación do servizo de recollida de lixos domiciliarias comprenderá as seguintes operacións:

I Trasladar os lixos dende os colectores ata os vehículos de recollida

II Baleirar os lixos nos elementos de carga dos vehículos

III Devolver os colectores, unha vez que estean baleiros, a lugar onde estaban situados

IV Limpar os lixos vertidos na vía pública como consecuencia destas operacións

V Transportar e descargar os lixos no punto limpo de Ponteceso

#### **Artigo 45**

O Concello de Ponteceso ten establecida a recollida domiciliaria mediante o sistema de colectores, que os usuarios teñen que utilizar debidamente.

Os colectores cumprirán as normas técnicas que aprrobe o concello, ben directamente ou ben nos termos que fixe a Comunidade Autónoma de Galicia. Os colectores privados que autorice o concello en determinadas actividades cumprirán as mesmas normas.

#### **Artigo 46**

Os servizos municipais fixarán o número e o tipo de colectores, a súa situación, o número de unidades que vai empregar cada edificio ou cada local comercial ou industrial.

#### **Artigo 47 Renovación dos colectores**

O concello, periodicamente, renovará os colectores e imputarálle ao/á usuario/a o cargo correspondente se o colector quedou inutilizado por unha deficiente utilización, sempre que ese extremo quedara suficientemente demostrado.

#### **Artigo 48 Limpeza dos colectores**

O concello é o responsable das condicións de limpeza dos colectores públicos. O concello esixirá as mesmas condicións para os colectores de propiedade privada a utilización dos cales o concello lle esixira aos establecementos de restauración, bares ou similares.

## **Artigo 49**

1 O concello prohíbe evacuar os residuos pola rede de sumidoiro.

2 O concello esixirá autorización para instalar calquera tipo de incinerador de residuos sólidos (domésticos, hospitalarios, industriais, etc.).

3 O concello non lles autoriza aos/ás interesados/as o libramento aos servizos de recollida dos lixos previamente tratados mediante instalacións destinadas a aumentar a súa densidade (trituradores, compactadores, etc.), se antes non obtiveran a autorización municipal.

## **Artigo 50 Obrigas dos usuarios**

O usuario terá, con carácter xeral, as seguintes obrigas:

1 Utilizar os colectores de lixos segundo o tipo de residuos. Para iso distinguíranse os seguintes:

a) Colectores de residuos que non son reciclables (residuos alimenticios, desperdicios, limpeza do fogar, etc.). Son de metal ou de plástico verde na súa totalidade ou só na tapa superior. Preséntanse en distintas capacidades

b) Colectores para envases lixeiros que son reciclables (tetrabricks, plásticos, latas metal, etc.). Son de plástico e completamente de cor amarela

c) Colectores de papel/cartón. Son de plástico e de cor azul

d) Colectores de vidro. Denominados "iglús" pola súa forma cilíndrica. Diferencian o vidro de cor verde e branca

e) Colectores de pilas. Son de cor vermella.

2 Os/as usuarios/as están obrigados a depositar cada tipo de residuo no seu respectivo colector. O concello prohíbe depositar os residuos no chan xunto aos colectores ou na súa periferia

3 Os/as usuarios/as depositarán os residuos de carácter orgánico que non son reciclables nos colectores de cor verde sinalados no punto a), en bolsas perfectamente atadas na súa boca de modo que non poidan producirse vertidos ou derramamentos. As bolsas de plástico serán substituídas por outras de material biodegradable cando o permita a realidade tecnolóxica e económica.

4 Os/as usuarios/as depositarán os residuos que son reciclables definidos como envases lixeiros nos colectores de cor amarela sinalados no punto b) e disporán as embalaxes de xeito que ocupen o menor espazo posible dentro do colector.

5 Os/as usuarios/as depositarán os restantes residuos nos colectores respectivos.

6 Os servizos de recollida poderán rexeitar a retirada os residuos que non estean presentados conforme ao que está establecido anteriormente.

Os/as cidadáns/cidadás estarán obrigados a colaborar na realización das actividades necesarias para conseguir os obxectivos sinalados en plans autonómicos ou municipais de residuos, que establezan medidas de redución, reutilización,



reciclado ou outras formas de valorización e eliminación dos residuos urbanos. Así mesmo, os/as usuarios/as están obrigados a facilitar as tarefas de recollida dos residuos e a non alterar a situación dos colectores.

#### **Artigo 51 Uso dos contedores**

O concello prohibe instalar na vía pública, de forma permanente, os colectores de residuos domiciliarios ou de calquera outra clase que non estean autorizados.

#### **Artigo 52**

O uso dos colectores queda suxeito ás seguintes normas:

1 Cada usuario/a utilizará exclusivamente o colector asignado á súa comunidade de veciños ou ao seu establecemento

2 Os/as usuarios/as só verterán residuos sólidos urbanos, os especificados no artigo 41.1.A) desta ordenanza, polo que están excluídos os vertidos líquidos, o entullo, os aparellos, os mobles e os animais mortos

3 Os/as usuarios/as non depositarán ningún material en combustión nin facilmente inflamable, nin farán lume nas proximidades

4 Os/as usuarios/as depositarán os residuos nos colectores en bolsas de plástico hermeticamente pechadas. O concello prohibe guindar neles lixos a granel

5 Os/as usuarios/as prepararán as bolsas de lixo de tal maneira que utilicen ao máximo a capacidade dos colectores, partindo ou esmagando os residuos voluminosos antes de depositalos nas bolsas ou no colector

6 Unha vez que deposite a bolsa no colector, o/a usuario/a está obrigado a pechar a tapa superior para evitar que se propaguen os cheiros que poidan provir do seu interior

7 Os/as usuarios/as absteranse de cambiar de lugar os colectores. Deberán solicitarlle ao concello calquera alteración da situación habitual. O concello, á vista das razóns que aduzan os/as solicitantes, acordará o mantemento ou o cambio de situación.

#### **Artigo 53 Horario de utilización dos colectores**

1 O servizo de recollida de residuos urbanos efectuará, con carácter xeral, a recollida en horario nocturno. Por iso, o concello prohibe librar o depósito dos residuos domiciliarios orgánicos nos colectores antes das 19:00 horas e despois das 22:00 horas. Excepcionalmente e cando así o estableza o Concello de Ponteceso, os/as usuarios/as poderán depositar os residuos despois das 22:00 horas.

O servizo de recollida recollerá diariamente os lixos dos colectores sinalados no apartado a) (residuos orgánicos), agás os domingos e festivos, o 25 de decembro, e o 1 de xaneiro, nos que non hai servizo de recollida. Nos cascos urbanos de Ponteceso e Corme si hai recollida os domingos e os festivos.

O servizo de recollida recollerá nas urbanizacións o lixo os días de festas locais na forma sinalada no punto un anterior, e no núcleo urbano en días alternos.

#### **Artigo 54**

Os/as titulares de establecementos que teñan que dispor de colectores de residuos urbanos para uso exclusivo deberán trasladalos á vía pública para que os descargue o servizo de recollida. A forma é a seguinte:

1 Entre as 19:00 e as 22:00 horas cando a recollida sexa en horario ordinario.

2 No momento de paso do vehículo de recollida ou, como moito, unha hora antes cando sexa a recollida en horario extraordinario.

### **Título VI Recollida e transporte de residuos industriais e especiais**

#### **Capítulo I Residuos especiais**

##### **Artigo 55 Residuos ocasionais**

Se unha entidade pública ou privada tivese que desprenderse, por calquera causa e de maneira ocasional, de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, deberá solicitar permiso para, cos seus propios medios, trasladalos aos puntos de transformación ou eliminación que lle indique o servizo municipal correspondente ou ben poderá solicitarlle ao concello que llos retire. En ambos os dous casos, o concello repercutirá no usuario os gastos ocasionados, no primeiro caso pola eliminación ou pola transformación dos residuos e, no segundo caso, polo transporte.

##### **Artigo 56 Residuos de peixarías**

O/a usuario deberá introducir os residuos producidos nas peixarías en bolsas hermeticamente pechadas e, todas elas, pola súa vez, nunha gran bolsa que deberá colocar unicamente no colector que ten asignado.

##### **Artigo 57 Residuos industriais**

Os/as produtores/as ou os/as posuidores/as de residuos industriais especiais están obrigados/as a adoptar cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, o tratamento, a eliminación ou, se é o caso, o seu aproveitamento se realice sen risco para as persoas. En consecuencia, os/as produtores/as ou os/as posuidores/as de residuos industriais especiais deberán depositar eses residuos en vertedoiros de seguridade e serán os únicos responsables dos danos ou dos prexuízos que eses residuos puideran ocasionar.

##### **Artigo 58**

Para que os/as produtores/as ou os/as posuidores/as de residuos industriais se poidan desfacer dos residuos industriais terán que solicitar a correspondente autorización municipal. Para iso, deberán indicar, tendo en conta a súa natureza e as súas características, o lugar para eliminalos e aproveitalos.

##### **Artigo 59**

1 Cando os residuos industriais sexan potencialmente perigosos ou tóxicos ou poidan resultar desa condición polo transcurso do tempo, só poderán ser depositados en instalacións que aseguren a súa destrución ou inocuidade.

2 Os/as produtores/as ou os/as posuidores/as poderán transportar os residuos sólidos industriais e os refugallos eles mesmos ou terceiras persoas que conten coa oportuna e específica licenza, con vehículos especialmente acondicionados para evitar todo dano e risco para as persoas e os bens.

3 Unha vez que os/as produtores/as ou os/as posuidores/as vertan os residuos sólidos industriais nas zonas especialmente habilitadas para tales residuos acreditarán documentalmente esta circunstancia diante do concello.

## **Capítulo II. Outros residuos**

### **Escouras e cinzas**

#### **Artigo 60**

O concello poderá retirar as escouras e as cinzas dos xeradores de calor se o pide o/a interesado/a. O concello repercutiralle ao/á interesado/a o correspondente cargo.

### **Mobles, efectos e obxectos inútiles**

#### **Artigo 61**

O concello prohíbe depositar nos espazos públicos mobles, efectos e obxectos inútiles para que os retiren os camións colectores da recollida domiciliaria. As persoas que desexen desprenderse deses elementos deberán depositalos no punto limpo.

As persoas que desexen desprenderse deses elementos nun volume tal que non permita lles permita trasladalos eles mesmos, solicitaranlle o traslado ao servizo municipal competente, que fixará o día e a hora de retirada. Para estes efectos, o concello poderá establecer servizos de recollida especial para os efectos e os mobles vellos. Son excepcións a esta recollida os que precisen o emprego de guindastre ou de poleas e cando non estean preparados para trasladalos.

### **Animais mortos**

#### **Artigo 62**

O concello prohíbe o abandono de cadáveres de toda especie sobre calquera clase de terreo e tamén prohíbe a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

A sanción por incumprir esta norma será independente das responsabilidades previstas na normativa de orde sanitaria.

#### **Artigo 63**

1 As persoas que necesiten desprenderse de animais mortos farano a través do servizo municipal competente, que os recollerá, os transportará e os eliminará.

2 Este servizo municipal será gratuíto cando se trate de animais domésticos en réxime de convivencia ou cativeiro, se se refire a un só exemplar e se a persoa interesada o solicita de maneira illada e esporádica.

3 O disposto no apartado anterior non será aplicable no caso de explotacións gandeiras ou industriais nin no suposto de équidos para uso deportivo.

#### **Artigo 64**

A eliminación de animais mortos non exime, en ningún caso, aos propietarios da obriga de comunicar a baixa do animal e as causas da súa morte cando así veña establecido en ordenanzas ou en regulamentos municipais ou en disposicións legais vixentes.

#### **Artigo 65**

As persoas que observen a presenza dun animal morto poden comunicar esa circunstancia ao servizo municipal competente, co fin de que retire o cadáver nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

#### **Residuos clínicos**

#### **Artigo 66**

Para os efectos desta ordenanza, son residuos clínicos:

Os que proceden de vendaxes, as gasas, o algodón, as xiringas, os restos de medicamentos, os seus envases, os tubos de ensaio, etc.

Os asimilables a residuos domiciliarios, tales como os restos de comida, os lixos que proceden de limpar e embalaxes.

En xeral todos os residuos que se produza en clínicas, sanatorios, hospitais, laboratorios e demais establecementos sanitarios de carácter análogo.

#### **Artigo 67**

1 Os residuos que proceden de centros sanitarios teñen que estar debidamente envasados e pechados, en recipientes normalizados. Os residuos que proceden de quirófanos, de curas, etc, estarán separados dos de comedores, bares, cafeterías, etc., co fin de evitar contaxios ou infeccións.

2 Os establecementos que produzan residuos clínicos terán a obriga de entregalos ao concello, que procederá a recollelos selectivamente, a transportalos e a tratalos, ou dará as instrucións pertinentes para que eses establecementos se poidan desprender daqueles residuos que precisen un tratamento específico.

3 Se o produtor entrega os residuos clínicos a unha persoa física ou xurídica que non posúa a debida autorización, responderá solidariamente co receptor de calquera dano que produzan os residuos e responderán, así mesmo, das sancións que proceda impoñer.

#### **Artigo 68**

Están incluídos neste epígrafe calquera outro residuo non sinalado especificamente entre os especiais ou aqueles que proceden de actividades comerciais que esixen unha recollida e un tratamento selectivo por razón das condicións anormais nos que se poidan atopar.

#### **Artigo 69**

Os donos de establecementos comerciais que se tivesen que desprender de alimentos deteriorados, conservas caducadas, etc., están obrigados a entregar eses refugallos ao concello, proporcionando canta información sexa necesaria para efectuar unha correcta eliminación.

### **Capítulo III Vehículos abandonados**

#### **Artigo 70**

Sen prexuízo das causas de retirar e de depositar os vehículos previstas no Código de Circulación, os servizos municipais retirarán os vehículos situados na vía pública ou en terreos adxacentes e en espazos libres públicos, sempre que os seus signos exteriores, o tempo que permanecen na mesma situación ou outras circunstancias permitan consideralos residuos sólidos urbanos como consecuencia da súa situación de abandono.

#### **Artigo 71**

1 Para os efectos desta ordenanza e no seu ámbito de aplicación, o concello considerará que están abandonados aqueles vehículos ou os seus restos que polos seus signos exteriores non sexan aptos para circular por careceren dalgún dos elementos necesarios ou que tanto os seus evidentes sinais de deterioración como o tempo que permanecen en idéntica posición de estacionamento permitan deducir a situación de abandono, aínda que aparentemente contén con todos os elementos.

2 Están excluídos da consideración de abandonados aqueles vehículos sobre os que recaia unha orde ou un mandamento xudicial coñecido polo concello para que permanezan na mesma situación, aínda que a autoridade municipal poderá adoptar as medidas pertinentes en orde ao ornato urbano.

#### **Artigo 72**

Unha vez que o concello retire e deposite o vehículo abandonado, de conformidade cos termos definidos no artigo anterior, notificarallo á persoa que figure como titular no rexistro de vehículos ou ao seu lexítimo propietario, na forma establecida no artigo 80 da Lei de procedemento administrativo.

Na mesma notificación requirirá ao/á titular do vehículo para que manifieste se deixa o vehículo ou os seus restos ao dispor do concello, que pasará a ser o seu propietario, ou se, pola contra, opta por facerse cargo del para eliminalo conforme ás prescricións establecidas na normativa vixente. O concello apercibirá ao/á titular

de que en caso de silencio durante o prazo indicado entenderá que opta pola primeira das posibilidades.

O concello notificará conforme ás normas xerais se o/a propietario/a do vehículo ou dos seus restos fose descoñecido/a.

### **Artigo 73**

En todo caso, os/as propietarios/as dos vehículos ou dos seus deberán soportar os gastos da recollida, do transporte e do depósito. No caso de que opten por facerse cargo dos vehículos, terán que pagar antes os gastos ocasionados, de conformidade co que establece o artigo anterior.

### **Artigo 74**

Os/as propietarios/as que voluntariamente se queiran desprender dun vehículo poden solicitarlo ao concello mediante un escrito, co que achegarán a baixa da vehículo expedida polo organismo competente. Os/as propietarios/as do vehículo faranse cargo dos gastos ocasionados.

### **Artigo 75**

Calquera persoa poderá comunicarlle ao concello ou aos axentes da autoridade, por escrito ou verbalmente, que un vehículo ou os seus restos están abandonados, sen que esa actuación lle supoña ningún dereito sobre eles ou sobre o seu valor.

## **Título VII. Da recollida, do transporte e da vertedura de terras e entullo**

### **Capítulo I Condicións xerais e ámbito de aplicación**

#### **Artigo 76**

1 Este título regulará as seguintes operacións:

- a) O libramento, a carga, o transporte, a acumulación e a vertedura dos refugallos cualificados como terras e entullo
- b) A instalación na vía pública de colectores para obras, destinados a recoller e a transportar terras e entullo

2 As disposicións deste título non rexerán para as terras e outros materiais asimilables cando sexan para vender ou para subministrar para traballos de obra nova. Si serán aplicables todas as prescricións que establece esta ordenanza no que respecta á previr e a corrixir a sucidade na vía pública, producida como consecuencia da carga, a descarga e o transporte dos citados materiais.

#### **Artigo 77**

Para os efectos desta ordenanza, terán a consideración de terras e entullo, os seguintes materiais residuais:

- 1 As terras, as pedras e os materiais similares procedentes de escavacións
- 2 Os residuos que resultan de traballos de construción, de demolición, de derrubamento e, en xeral, todos os que sobran das obras maiores e menores asimilables a entullo

3 Calquera material residual asimilable aos anteriores e os que en circunstancias especiais determine a autoridade municipal competente

#### **Artigo 78**

A intervención municipal en materia de terras e entullo terá por obxecto evitar que, como consecuencia das actividades expresadas, se produza:

1 A vertedura incontrolada deses materiais ou que a vertedura sexa realizada de forma desaxeitada

2 A vertedura en lugares non autorizados

3 A ocupación indebida de terreos ou bens de dominio público

4 A deterioración dos pavimentos e dos restantes elementos estruturais do termo municipal

5 A sucidade na vía pública e nas demais superficies do concello

#### **Artigo 79**

O concello fomentará que a vertedura de terras e entullo se efectúe de forma que se recuperen espazos públicos e privados.

De igual forma, o concello poderá promover convenios con titulares de explotacións ou predios autorizados para verter terras e entullo.

### **Capítulo II Da utilización dos colectores para as obras**

#### **Artigo 80**

Para os efectos desta ordenanza, son colectores para as obras os recipientes normalizados, especialmente deseñados para ser cargados e descargados sobre vehículos de transporte especial, e que están destinados a recoller as materias residuais que están especificadas no artigo 77 desta ordenanza.

#### **Artigo 81**

1 A colocación de colectores para as obras está suxeita á concesión da preceptiva licenza municipal

2 Non precisarán licenza para os colocar, os colectores para as obras situados no interior limitado das zonas das obras, que non sexa vía pública. Sen embargo, nos restantes requisitos deberán axustarse ás disposicións desta ordenanza.

3 O pagamento do prezo público por colocar colectores para as obras na vía pública, estará regulada na ordenanza municipal correspondente.

#### **Artigo 82**

1 Os colectores para as obras só os poderán utilizar os titulares da licenza

2 O titular da licenza non poderá colocar máis dun contedor para unha mesma obra, cando se trate de ocupacións de viarios.

#### **Artigo 83**

1 Ademais da placa de control que o concello obriga a instalar, os colectores para as obras teñen, en todo momento, que presentar no exterior, de maneira perfectamente visible:

a) O nome ou a razón social e o teléfono do/a propietario/a ou da empresa responsable

b) Cantos datos sexan esixibles para a súa identificación, en función da licenza municipal concedida

2 Os colectores para as obras deberán estar pintados de cores que os fagan visibles, tanto de día como de noite

#### **Artigo 84**

1 O titular da licenza terá que tapar de modo adecuado os colectores unha vez que estean cheos, de forma que non vertan ao exterior as materiais residuais.

2. Igualmente é obrigatorio tapar os colectores ao finalizar as horas de traballo

#### **Artigo 85**

1 O/a titular da licenza instalará e retirará os colectores de modo que non causen molestias aos/ás cidadáns/cidadás.

2 O/a titular da licenza realizará a manobra de cargar e de descargar un colector cunha persoa, pé na terra, que dirixa e que facilite o tráfico, así como as manobras.

3 O/a titular da licenza utilizará ou manipulará os colectores de modo que o seu contido ou parte del non caia na vía pública ou non poida ser erguido ou espallado polo vento.

4 Ao retirar o colector, o/a titular da licenza de obras deberá deixar en perfectas condicións de limpeza a superficie da vía pública, afectada pola ocupación.

5 O/a titular da licenza de obras será responsable do estado da vía pública, así como dos danos causados nela e deberá comunicalos inmediatamente aos servizos municipais correspondentes no caso de que se produciran.

#### **Artigo 86 Colocación dos colectores**

1 Os/as titulares da licenza colocarán cos colectores no interior da zona pechada de obras, se fose posible. Noutro caso, colocaraos na calzada, xunto ao bordo, nas rúas con beirarrúas.

2 De non fora posible dentro da zona pechada de obras, nas prazas, en zonas peonís, en rúas sen beirarrúas, etc., os/as titulares da licenza colocarán os colectores o máis preto posible da obra. Non deberán obstaculizar os accesos a vivendas ou a establecementos, prexudicando o mínimo posible o paso de vehículos e de tal forma que os viandantes poidan circular libremente pola beirarrúa.

3 En todo caso, os/as titulares da licenza deberán ter en conta as seguintes prescricións:



- a) Situará os colectores preferentemente diante da obra á que serven ou tan preto como sexa posible
- b) Colocarán os colectores de modo que non impidan a visibilidade dos vehículos, especialmente nos cruzamentos, respectando as distancias que establece para os estacionamento a Lei de circulación e seguridade viaria e as disposicións concordantes.
- c) Polo menos deberá quedar libre un carril de circulación.
- d) Non dificultarán a visión, aínda co vehículo de transporte, de ningún sinal, tanto luminosos como de sinalización vertical
- e) Non poderán estar situados nos pasos de peóns nin diante deles, nin nos vaos nin reservas de estacionamento e parada, agás cando esas reservas sexan solicitadas para a mesma obra
- f) En ningún caso poderán estar colocados, total ou parcialmente, sobre as tapas de acceso a servizos públicos, boca de incendios, escavas das árbores nin, en xeral, sobre ningún elemento urbanístico a utilización dos cales puidese estar dificultada en circunstancias normais ou en caso de urxencia

4 Estarán colocados, en todo caso, de modo que o seu lado máis longo estea situado en sentido paralelo á beirarrúa ou á liña de fachada

5 Cando os colectores estean situados na calzada, deberán estar separados 0,20 m do bordo da beirarrúa, de modo que non impidan que as augas superficiais acaden e discorran pola levada ata o sumidoiro máis próximo

### **Artigo 87**

1 Cando os colectores teñan que permanecer na vía pública durante a noite en vías insuficientemente iluminadas ou en lugares que representan un perigo para o tráfico rodado, terán que levar incorporadas os sinais reflectores ou luminosos para facelos identificables.

2 Os/as titulares da licenza retirarán da vía pública os colectores:

1 Ao expirar o prazo da concesión da licenza de obras

2 Cando existan razóns de interese público, cando o requira a autoridade municipal

3 Cando estean cheos, para baleiralos e sempre dentro do mesmo día que se encheu

### **Capítulo III Do libramento e da vertedura de terras e entullo**

#### **Artigo 88**

1 Os/as titulares da licenza poderán librar e verter as terras e o entullo do seguinte xeito:

- a) Directamente nos lugares de acumulación de terras e entullo, que os servizos municipais establezan para tal efecto, cando o volume de libramento sexa inferior a un metro cúbico

b) Directamente nos colectores das obras autorizados polo concello mediante a preceptiva licenza, contratados a cargo dos particulares

c) Directamente nos lugares que o concello teña habilitados ou, se é o caso, autorizados para o efecto situados dentro ou fóra do termo municipal, cando o volume do libramento sexa igual ou superior a un metro cúbico, sexan os materiais de obras maiores ou menores

2 En todos os libramentos de terras e entullo aos que fai referencia o apartado anterior, o/a promotor/a da obra será o responsable da sucidade que ocasione na vía pública e ten a obriga de deixar limpo o espazo urbano afectado, nun prazo non superior a catro horas ao finalizar a obra

3 O libramento de terras e entullo será pola cuneta ou mediante un xerador deste tipo de residuos

### **Artigo 89**

En todos os casos sinalados no artigo anterior, será preceptiva a licenza municipal de obras.

É excepción ao que dispón o parágrafo anterior, o libramento realizado nos lugares de acumulación de terras e entullo que os servizos municipais establezan cando o executen directamente os veciños do concello, que deberán solicitar a autorización pertinente.

### **Artigo 90**

No que respecta ao libramento e á vertedura de terras e entullo, o concello prohíbe:

a) Evacuar toda clase de refugallos e residuos mesturados coas terras e co entullo

b) Depositar nos colectores das obras, os residuos que conteñan materiais inflamables, explosivos, tóxicos, orgánicos, nocivos e perigosos. Nos colectores que estean depositados na vía pública, ademais dos indicados anteriormente, depositar materiais susceptibles de apodrentar ou que poidan producir cheiros desagradables e toda clase de materiais residuais que poidan causar molestias aos veciños ou aos usuarios da vía pública

c) Depositar mobles, aparellos, tratos vellos e calquera material residual similar nos colectores das obras

d) Vertelos en terreos de dominio público municipal que o concello non autorizara para esa finalidade

e) Vertelos en terreos de propiedade particular ou pública agás cando o titular do dominio o autorice expresamente. A persoa que pretende a vertedura ten que acreditar a autorización diante da autoridade municipal.

O concello prohibe a vertedura nos terreos de propiedade pública ou particular aos que fai referencia o apartado e) anterior, aínda que a persoa que pretende a vertedura teña a autorización do titular, cando:

a) A vertedura poida producir alteracións substanciais da topografía do terreo, agás que o concello outorgase previamente a licenza.

b) A vertedura poida producir danos a terceiros ou ao medio natural, ou ben afecte á hixiene pública ou ao ornato do concello como consecuencia das operacións de descarga ou de vertidos deses materiais

#### **Capítulo IV Do transporte de terras e entullo**

##### **Artigo 91**

1 O transporte de terras e entullo polas vías urbanas deberá realizarse de acordo co que dispón esta ordenanza.

2 O concello, para casos especiais de volume ou características particulares, poderá establecer horarios e itinerarios para o transporte de terras e entullo polas vías urbanas.

3 O que dispón esta ordenanza enténdese sen prexuízo do deber de cumprir o establecido na Lei de circulación e seguridade viaria e na Lei do solo de Galicia.

##### **Artigo 92**

1 Os vehículos nos que se efectúe o transporte de terras e entullo reunirán as debidas condicións para evitar a vertedura do contido sobre a vía pública.

2. Na carga dos vehículos adoptaranse as precaucións necesarias para impedir que se lixe a vía pública.

3 O concello non permite que os materiais transportados pasen os extremos superiores do vehículo. Tampouco permite utilizar complementos adicionais non autorizados para aumentar as dimensións ou a capacidade de carga dos vehículos e dos colectores de recollida de lixo.

4 Os materiais transportados deberán estar cubertos e protexidos de modo que non se desprenda po nin se produzan vertidos de materiais residuais.

##### **Artigo 93**

1 O transporte de terras e entullo será a cargo do xerador do residuo.

2. Os/as transportistas de terras e entullo están obrigados limpar inmediatamente o tramo de vía afectado, mesmo os sumidoiros, no caso de que lixara a vía pública como consecuencia de operacións de carga e transporte.

3 Os/as transportistas tamén quedan obrigados a retirar as terras e o entullo vertidos en lugares públicos non autorizados, en calquera momento e sempre que llo requira a autoridade municipal.

4. Os servizos municipais poderán limpar a vía pública afectada e retirar os materiais vertidos aos que fan referencia os apartados anteriores e imputaralles aos responsables os gastos da limpeza, sen prexuízo da sanción que corresponda.

5 En relación co que dispón o número 4 anterior, serán responsables solidarios os empresarios e os promotores das obras e dos traballos que orixinen o transporte de terras e de entullo.

6 A responsabilidade sobre o destino último das terras e do entullo finaliza no momento en que estes materiais son recibidos e descargados no vertedoiro autorizado.

## **Capítulo V Horario**

### **Artigo 94**

1 A deposición de terras e de entullo nos colectores das obra efectuarao o titular da licenza durante as horas hábiles de traballo e sen que se cause molestias aos/ás veciños/as.

2 O concello sancionará aos/ás infractores do que dispón o número 2 anterior, agás que, en circunstancias excepcionais, obtivesen a autorización expresa do concello.

## **Capítulo VI Das licencias de obras, no que respecta á limpeza**

### **Artigo 95**

A concesión de licenza de obras levará aparellada, polo que respecta á produción de terras e de entullo, a autorización correspondente para:

- a) Producir entullo
- b) Transportar as terras e o entullo polo concello nas condicións establecidas nos artigos 91, 92 e 93 desta ordenanza
- c) Descargar eses materiais no lugar de acumulación ou de vertedura final de residuos que para tal efecto indicarán os servizos municipais.

## **Título VIII Infraccións e sancións**

### **Artigo 96**

Constituirá infracción toda vulneración das prescricións contidas nesta ordenanza. O concello imporá a sanción administrativa, se é o caso, con independencia da estimación penal dos tribunais de xustiza, así como as medidas que se adopten para reparar os danos e as perdas causados pola infracción cometida.

O concello cualificará as infraccións en leves, graves e moi graves, e para a súa graduación estimará as circunstancias seguintes:

- Grao de intencionalidade
- Natureza da infracción
- Capacidade económica do titular da actividade
- Gravidade do dano producido
- O grado de malicia, participación e beneficio obtido

- A irreversibilidade do dano producido
- A categoría do recurso afectado
- Os factores atenuantes ou agravantes
- A reincidencia

Serán faltas leves aquelas infraccións ás prescricións desta ordenanza que non causen un dano directo e de importancia aos bens de dominio público. Terán ese carácter as seguintes condutas:

a) Guindar na vía pública os elementos mencionados no parágrafo 1 do artigo 11, así como realizar as operacións prohibidas no artigo 12. Exceptúase o cambio de aceite ou outros líquidos dos vehículos, así como depositar vasos, botellas ou calquera outro elemento similar na vía pública. O concello sancionará esas condutas como faltas graves

b) Non usar correctamente as papeleiras instaladas para tal efecto na vía pública con inobservancia do que establecen os artigos 11, parágrafos 2 e 3. Exceptúase o feito de arrincar as papeleiras instaladas na vía pública, que o concello tipificará como falta grave

c) Incumprir a obriga de retirar a neve ou o xeo

d) Non manter en constante estado de limpeza as diferentes partes dos inmobles que sexan visibles dende a vía pública

e) Deixar na vía pública residuos que proceden de limpar escaparates, portas, toldos ou cortinas de establecementos comerciais ou incumprir o horario establecido no artigo 27 para este tipo de operacións

f) Esgazar, lixar ou arrincar os carteis ou os anuncios colocados nos lugares ou nos emplacements autorizados.

g) En relación cos recipientes herméticos e caldeiros normalizados, a falta de seu coidado, colocalos na vía pública ou retiralos fóra do tempo establecido, utilizar outros distintos aos autorizados, sacar lixos que desborden e non colocalos ao paso do camión colector

h) Utilizar indebidamente os xogos infantís

i) Non solicitar as autorizacións oportunas para aquelas actividades recollidas nesta ordenanza que a precisen, sempre e cando non estean tipificadas como condutas graves ou moi graves

Serán faltas graves a reiteración de faltas leves. Para tales efectos, o concello considerará reincidentes as persoas que fosen sancionadas anteriormente unha ou máis veces polo mesmo concepto nos doce meses anteriores.

Así mesmo, serán faltas graves as accións e as omisións que quebranten os preceptos desta ordenanza e que afecten aos bens de dominio público ou aos bens de servizo e uso público municipal, causándolles un dano directo e de importancia

ou provocando situacións de risco certo e importante. Terán ese carácter as seguintes condutas:

- a) Cambiar o aceite e outros líquidos aos vehículos na vía e noutros espazos libres públicos
- b) Depositar vasos, botellas e calquera outro elemento similar, xa sexan de plástico ou de cristal, na vía pública
- c) Arrincar as papeleiras instaladas na vía pública, así como queimar ou envorcar os colectores
- d) Repartir ou lanzar carteis, folletos, panfletos, follas soltas, etc., que lixen os espazos públicos
- e) Omitir as operacións de limpeza establecidas no artigo 48
- f) Realizar as condutas tipificadas no artigo 49.1 e 49.3 ou incumprir as obrigas sinaladas nos artigos 50, 51, 52, 53 e 54
- g) Non retirar da vía pública, no prazo indicado, o entullo procedente de obras, así como almacenar na vía pública entullo ou materiais de construción sen utilizar colectores, ou colocar eses materiais incumprindo o que establecen as ordenanzas municipais
- h) Non limpar as dexestións de cans ou doutros animais, así como non dispoñer da autorización á que se refire o artigo 25 desta ordenanza para as actuacións alí contempladas
- i) Colocar carteis en lugares non permitidos e realizar inscricións ou pintadas
- l) Usar indebidamente ou danar os recipientes herméticos subministrados polo concello
- m) Abandonar mobles ou aparellos na vía ou nos espazos públicos
- n) Colocar os residuos clínicos en recipientes non normalizados ou non separar os residuos que proceden dos centros de saúde e os que proceden de comedores, bares e cafetarías do termo municipal
- m) Verter lixos e entullo en terreos edificables e outros terreos do termo municipal
- ñ) Incumprir as prescricións contidas no artigo 30 e no capítulo II do título VII

Serán infraccións moi graves a reiteración de faltas graves, as condutas que causen un dano directo ou que provoquen situacións de risco na salubridade pública e no medio. Terán ese carácter as seguintes:

- a) A falta de limpeza dos terreos, tanto rústicos como urbanos, de modo que supoña perigo para a salubridade e a hixiene dos veciños ou se favoreza a posibilidade de iniciar ou propagar os incendios forestais
- b) As condutas tipificadas no título VI e nos capítulos III e IV do título VII
- c) Non proporcionar información ao concello sobre a orixe, a cantidade e as características dos residuos que poidan producir trastorno no transporte ou no

tratamento, así como proporcionar datos falsos ou impedir e obstruír a inspección nos supostos de residuos industriais

#### **Artigo 97**

Para a exacción das sancións por infracción das prescricións desta ordenanza, en defecto do pagamento voluntario ou do acatamento da sanción imposta, o concello seguirá o procedemento administrativo de constrinximento.

Cando para protexer os distintos aspectos contemplados nesta ordenanza concorran con outras normas de rango superior, o concello sancionará as infraccións de acordo coas maiores contías e as severas medidas establecidas.

#### **Artigo 98**

O concello cuantificará as sancións por infraccións desta ordenanza de conformidade coa seguinte escala, en función das circunstancias recollidas no artigo 98:

- Infraccións leves: de 60,00 ata 300,00 euros
- Infraccións graves: de 301,00 a 1.500,00 euros
- Infraccións moi graves: de 1.501,00 a 3.000,00 euros

### **Título IX. Procedemento sancionador**

#### **Capítulo I. Persoal da inspección municipal**

##### **Artigo 99**

Constitúe o persoal da inspección municipal:

- a) Os axentes e mandos da policía local, polo seu carácter de axentes da autoridade.
- b) Os funcionarios e os traballadores dos servizos técnicos municipais de obras, urbanismo e da oficina técnica municipal que actúan como axentes da autoridade no que se refire ás prescricións desta ordenanza
- c) Os funcionarios e os traballadores da inspección tributaria municipal, que teñen a consideración de axentes da autoridade. Esa condición esténdese ás funcións derivadas desta ordenanza.

O persoal da inspección municipal poderá inspeccionar de oficio, por instancia de parte ou por denuncia pública os distintos terreos e edificacións do termo municipal, co fin de comprobar que se cumpren as prescricións desta ordenanza.

##### **Artigo 100**

O procedemento sancionador adaptarase ao que establece o Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, que o concello pode iniciar de oficio ou por instancia de calquera interesado.

##### **Artigo 101**

A policía local, no exercicio das súas funcións, deberá denunciar as infraccións desta ordenanza que observe. Na súa denuncia deberá constar o lugar, a data, a hora e os demais datos que conduzan a unha mellor clarificación da infracción.

Como norma xeral, o concello notificaralle no acto ao/á denunciado/a as denuncias que formule a policía local, facendo constar nelas os datos que se esixen no parágrafo anterior. Por razóns xustificadas, que deberán figurar na propia denuncia, o concello poderá facer a notificación despois do momento de cometer a infracción.

## **Capítulo II Tramitación**

### **Artigo 102**

O concello impulsará de oficio en todos os seus trámites os expedientes, unha vez iniciados, tanto de oficio como por instancia de parte.

No expediente deberán figurar todos os informes técnicos e xurídicos que sexan preceptivos. O concello deberá dar audiencia ao/á interesado/a antes de ditar a orde de execución.

O informe técnico deberá versar sobre os puntos seguintes:

- a) Se existe incumprimento dos deberes establecidos na ordenanza, á vista dos preceptos deste e da normativa urbanística e medioambiental vixente
- b) De existir incumprimento, deberá conter unha descrición detallada das medidas correctoras precisas para manter o terreo ou a edificación nas condicións de seguridade, salubridade e ornato público que resultan esixibles
- c) O prazo para executar os traballos para repoñer o terreo ou a edificación ás condicións esixidas

A orde de execución fixará, detalladamente, todas as obras que hai que realizar, así como o prazo máximo para realizalas. Haberá que buscar a maneira de realizar as obras da forma menos gravosa para o/a propietario/a.

As ordes de execución fixarán o prazo para cumprir o ordenado atendendo á magnitude e á complexidade das obras que hai que realizar.

En ningún caso o concello poderá ditar a orde de execución sen a previa autorización que resulte preceptiva segundo os réximes especiais de protección, ou as servidumes legais que afecten aos terreos ou edificacións. Non obstante, cando exista perigo inmediato de danos ás persoas, o concello poderá tomar as medidas excepcionais de protección sen respectar eses límites, por considerar as persoas un interese lexítimo superior que hai que protexer.

### **Artigo 103**

Os órganos competentes do concello serán os instrutores do expediente e deberán notificarlle as denuncias ao/á presunto/a infractor/a, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue canto considere conveniente para a súa defensa e para que propoña as probas que estime oportunas.



O concello trasladaralle ao/á denunciante as alegacións do/a denunciado/a para que presente as súas propias alegacións no prazo de 15 días. Cumprido este trámite e de acordo cos informes técnicos e xurídicos preceptivos, o órgano municipal correspondente elaborará a proposta de resolución, dándolle audiencia ao interesado por un prazo de 10 días. Unha vez que transcorran eses 10 días, o órgano municipal competente elevará a proposta a definitiva.

Logo de que remate o prazo establecido para que o interesado realice as actuacións para repor os bens ao estado no que estaban antes de cometer a infracción de reposición dos bens ao estado anterior e se as referidas actuacións non fosen efectivas na práctica, a administración municipal poderá optar entre a execución subsidiaria cos gastos a cargo do/a infractor/a ou ben outorgarlle un novo prazo non superior a 15 días para que realice as actuacións. A administración municipal sancionará o incumprimento deste novo prazo cunha multa que corresponde á contía da infracción orixinaria e comportará a execución subsidiaria pola conta do/a infractor/a.

#### **Artigo 104 Liquidación do custo da execución subsidiaria**

1 O custo derivado da execución subsidiaria correrá pola conta do/a responsable

2 O/a responsable satisfará o custo de acordo co que dispón o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, no referente á recadación de débedas en período executivo

3 Non obstante, o/a responsable poderá liquidar o importe correspondente, provisionalmente, antes da executar os traballos, a expensas da liquidación definitiva que o concello dite unha vez realizados os traballos

4 O concello determinará o importe do custo da execución subsidiaria do modo seguinte:

a) O técnico municipal competente efectuará a súa estimación, incluíndo todos os custos, directos ou indirectos que orixine a execución subsidiaria, se o persoal do concello realizara os traballos

b) O importe será o prezo da contratación, se os traballos os realizasen persoas ou entidades alleas á administración municipal

#### **Artigo 105**

O órgano competente aprobará a estimación da execución subsidiaria, previa a fiscalización da intervención municipal. O concello notificaralle a estimación da execución subsidiaria ao/á responsable que, no prazo de 10 días hábiles, poderá formular as alegacións que estime oportunas. Na resolución o órgano competente da administración municipal advertirallo ao/á responsable que elevará a estimación a definitiva se non presenta alegacións. Se o/a responsable presenta alegacións, o

órgano competente resolverá segundo o estime oportuno, no prazo máximo de 10 días, solicitándolles aos servizos municipais os informes que considere precisos.

### **Disposicións finais**

1 Para todo o que non estea establecido nesta ordenanza serán de aplicación as normas e as disposicións que a Xunta de Galicia e a lexislación do Estado establezan para o respecto.

2 O alcalde queda facultado para ditar as normas técnicas ou regulamentarias necesarias para desenvolver e aplicar esta ordenanza.

3 Esta ordenanza entrará en vigor unha vez que o Pleno a aprobe definitivamente e saia publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, logo de qu transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.